

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS NA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 2 DE XULLO DE 2018.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. JOSÉ MANUEL FERNÁNDEZ TABOADA.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

Secretario Xeral:

D. CÉSAR LÓPEZ ARRIBAS.

Interventor:

D. FIDEL GARCÍA MARTUL.

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM 27/2018 DE DATA 25 DE XUÑO DE 2018.

Acordouse aprobar a acta da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local núm. 27/2018 do día 25 de xuño de 2018.

2.- EXPEDIENTE 3256/2017. LICENZA DE OBRA.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE OBRA para a construción de vivenda unifamiliar na rúa do Castro - Lalín.

3.- EXPEDIENTE 1246/2017. CP2 ACTIVIDADES CON OBRAS-COMUNICACIÓN PREVIA-8674.

Acordouse CONCEDER LICENZA DE PRIMEIRA OCUPACIÓN E ACORDAR A EFICACIA DA COMUNICACIÓN

PREVIA DE ACTIVIDADE para nave para elaboración de cervexa artesá ecolóxica, en Lagazós, 19 - Lalín.

4.- EXPEDIENTE 3552/2018. LICF FESTAS SUXEITAS A LICENZA.

Acordouse OUTORGAR LICENZA PARA ORGANIZACIÓN DE ESPECTÁCULOS PÚBLICOS E ACTIVIDADES RECREATIVAS Á ASOCIACIÓN DE VECIÑOS DA PARROQUIA DE XAXÁN consistente na celebración da festa patronal na honra a San Cristóbal, os días 6, 7 e 8 de xullo de 2018, en Xaxán - Lalín.

5.- EXPEDIENTE 1864/2018. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (ENXEÑERÍA OBRAS PÚBLICAS).

Dáse conta da Resolución da Deputación Provincial de Pontevedra de data 26 de xuño de 2018, da concesión de subvencións ao abeiro do Plan de Obras e Servizos (Plan Concellos) 2018-2019 correspondente á Liña 1, pola que se concede a seguinte subvención ao Concello de Lalín:

Actuación subvencionada	Importe concedido
<i>Adquisición de materiais para a mellora e afirmado de camiños municipais en Palmou, Alperiz, Castro e Palmaz etc.</i>	52.000,00

A Xunta de Goberno Local quedou enterada do mesmo.

6.- EXPEDIENTE 3551/2018. PROCEDIMIENTO ADMINISTRATIVO COMÚN (MEDIO AMBIENTE).

Quedou pendente para un mellor estudo.

7.- EXPEDIENTE 3303/2018. INGRESOS AUGA E SANEAMENTO 1º TRIM 2018.

Acordouse Imputar os ingresos reflectidos no informe do servizo municipal de augas do Concello de Lalín na aplicación orzamentaria 300.00 “Taxa por abastecemento de auga” por importe de 154.816,86 € e na aplicación orzamentaria 301.00 “Taxa sumidoiros” por importe de 116.423,28 €.

8.- EXPEDIENTE 3439/2018. PRESTACIONES ECONÓMICAS DE SERVICIOS SOCIAIS.

Acordouse aprobar a proposta do Sr. Concelleiro Delegado de Benestar Social en relación coa PRIMEIRA QUENDA DA ESCOLA DE VERÁN E CAMPAMENTOS URBANOS.

9.- EXPEDIENTE 3977/2017. CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDIMIENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAJOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADJUDICACIÓN.

Acordouse Adjudicar o Lote 2: “*Mellora de pistas en Maceira, Losón, Chares, Palio e Porcallos (Plan Concellos 2017)*”.

10.- EXPEDIENTE 3554/2018. SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR.

Acordouse a inclusión no Servizo de Préstamo de Camas Articuladas para unha persoa beneficiaria.

11.- EXPEDIENTE 3588/2018. SOLICITUDE DA CRUZ VERMELLA PARA O USO DA SALA DE AUDIOVISUAIS DA BIBLIOTECA MUNICIPAL.

Este asunto xa foi tratado na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 25 de xuño de 2018, foi incorporado por erro.

12.- EXPEDIENTE 3565/2018. SOLICITUDE PARA A CELEBRACIÓN DUN CARNAVAL DE VERÁN.

Quedou pendente para un mellor estudo.

13.- EXPEDIENTE 3564/2018. SOLICITUDES DE ALTA EN AUGA E SANEAMENTO RELACIÓN NUM. 5 ANO 2018.

Acordouse aprobar a relación de solicitudes de acometida á rede de abastecemento de auga e saneamento e altas de contador presentadas pola empresa concesionaria do Servizo Municipal de Augas.

14.- EXPEDIENTE 3075/2018. CORRECCIÓN DE ERROS

TRANSMISIÓN LICENZA TAXI.

Dáse conta do erro padecido na sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 18 de xuño de 2018, no punto 8. expediente 3075-2018. Expediente de transmisión de licenza de taxi núm. 9.

15.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 5282/2017 CONTRATO DE OBRAS POR PROCEDIMENTO ABERTO, OFERTA ECONOMICAMENTE MÁIS VANTAXOSA, VARIOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN.

Acordouse adxudicar a “CONSTRUCCIÓN DUNHA GLORIETA ENTRE AS AVENIDAS XOSÉ CUIÑA E MONSERRAT”.

16.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3577/2018 RELACION DE FACTURAS.

Acordouse aprobar a relación de facturas nº 00036 por importe de 58.379,45 €.

17.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 4976/2017. LICENZA URBANÍSTICA DE OBRAS MAIORES.

Acordouse corrixir un erro material no informe técnico, que foi transcrito no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 11/06/18.

18.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3569/2018. ORGANIZACIÓN E INSCRICIÓN EN ACTIVIDADES OU CURSOS.

Acordouse aprobar a memoria explicativa do proxecto LALIN COA MOCIDADE.

19.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO:

EXPEDIENTE 3359/2018. DEPENDENCIA.

Acordouse aprobar a ALTA no programa de Xantar na casa para unha persoa.

20.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 1194/2018. DEPENDENCIA.

Acordouse a BAIXA por pasamento no programa de Xantar na casa para unha persoa.

21.- FORA DA ORDE DO DÍA PRESENTOUSE PARA A SÚA APROBACIÓN POR URXENCIA O SEGUINTE ASUNTO: EXPEDIENTE 3591/2018. RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS.

Acordouse aprobar a certificación de obra número 1 certificación de 22 de setembro de 2017, e o recoñecemento extraxudicial de crédito da factura T2017-432 por importe total de 104.780,56 €.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia levántase a sesión, cando son as 20:10 horas do día do seu comezo, da que eu, como Secretario Xeral, dou fe.